

A ACTA

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

Que é unha acta?

**DOCUMENTO QUE RESUME
O TRATADO E ACORDADO
NUNHA REUNIÓN.**



ESTRUTURA

CABECEIRA

- **Título:** destacado tipograficamente do resto do documento, empezará "Acta da sesión...." e inclúe: nome da entidade reunida, tipo de reunión (ordinaria/extraordinaria), e cando se celebrou.
- **Hora de inicio e fin** da reunión.
- **ASISTENTES:** listaxe das persoas convocadas que asistiron á reunión.
- **ORDE DO DÍA:** tal e como figura na convocatoria.

CORPO

- **DELIBERACIÓNS:** transcribíense cada un dos puntos da orde do día e resúmense as intervencións (indicando o nome de quen a realiza) e os acordos (se é o caso). Se hai unha votación, indícanse os resultados.
- **ACORDOS:** (opcional) enumeración dos acordos tomados (se foi así), seguindo a orde do día.

PECHE

- **Fórmula de peche:** "Sen máis asuntos que tratar, o/a presidente/a remata a sesión e eu redacto a acta como secretario/a"
- **Sinatura:** cargo e rúbrica de quen redacta a acta.
- **Visto e prace:** cargo e rúbrica do/a presidente/a da entidade. Vai en paralelo á sinatura de quen redacta a acta.

ANEXOS (OPCIONAL)

Documentación que se achega á acta relacionada coas deliberacións dos distintos puntos. Cando haxa varios documentos, elaborárase unha lista numerada correlativamente.

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DE REPARTO HORARIO DO
DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA DO CURSO 2019-2020

Día: 2 de setembro de 2019

Hora: 10:00

Orde do día: reparto horario para o curso 2019-2020

Asistentes: ~~XXXXXXXX XXXXXX, YXXXXX, XXXXXX~~

Reunidas as profesoras do departamento de Lingua galega e literatura en reunión extraordinaria e co único punto na orde do día: distribución de grupos para o curso 2019-2020, decidese o seguinte reparto de horas lectivas:

MATERIAS	CURSO	Nº de horas	PROFESOR/A
Lingua galega e literatura	1º ESO A	4	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	1º ESO B	4	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	2º ESO A	3	YXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	3º ESO A	3	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	4º ESO A (1)	3	YXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	4º ESO A (2)	3	YXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	1º BAC A	3	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	1º BAC B	3	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	2º BAC A	3	XXXXXXXX XXXXXX
Lingua galega e literatura	2º BAC B	3	YXXXXX XXXXXX
Igualdade de xénero	2º ESO	1	YXXXXX XXXXXX
Afondamento de lingua	2º BAC	1	YXXXXX XXXXXX
Coordinación do EDL		2	XXXXXXXX XXXXXX
Xefatura de dep.		2	XXXXXXXX XXXXXX

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión, ás 10:30.

Asdo: ~~YXXXXX XXXXXX~~

Asdo: ~~XXXXXXXX XXXX~~



ACTA Nº 5 CORRESPONDENTE Á REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA
ASOCIACIÓN PROGAL

DATA: 5 de novembro de 2021

HORA: 20:00

LUGAR: sala de xuntas do local da asociación.

ASISTENTES: María Fernández, José Pérez, Carme García, Beatriz Gómez, Elena González, Luís Vázquez.

AUSENTES: Concepción Fernández.

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Estudo e solicitude de préstamo.
3. Baixas e altas de persoas asociadas.
4. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS:

1. **Lectura e aprobación da acta anterior.**
A directora procede á lectura da acta anterior correspondente á reunión do 14 de outubro de 2021 e apróbase sen modificacións por unanimidade.
2. **Solicitude de préstamo.**
A secretaria informa da presentación dunha solicitude de préstamo por importe de 30000 € á entidade Abanca, segundo e como foi aprobado na reunión anterior. Aclara que as cotas mensuais correspondentes ao importe que se deberán aboar son de 500 €.
3. **Baixas e altas de persoas asociadas.**
A presidenta informa de que non hai solicitudes de baixas, e presenta ao resto dos membros da xunta directiva as novas altas na asociación: Dña. María Rodríguez e D. Manuel Pérez.
4. **Rogos e preguntas.**
Beatriz Gómez pregunta se xa se aprobou o calendario laboral para o ano 2022, ao que a presidenta responde que si, e que o facilitará por correo electrónico.

Non habendo máis rogos e preguntas, péchase a sesión ás 21:05 horas.

María Fernández
Secretaria

Visto e prace
A presidenta

